




Preguntas
frecuentes
sobre o
**Programa II.
HOSTALERÍA
[TR400C]**



Orde do 26 de novembro de 2020

Preguntas frecuentes sobre Programa II. HOSTALERÍA

I. PERFIL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Que tipo de empresa pode solicitar as axudas do Programa II?

Aberta a todo tipo de empresa. Poden solicitar estas axudas as persoas traballadoras por conta propia, tanto se teñen empregados ao seu servizo ou non, as microempresas e as pemes do sector da hostalaría.

2. Que actividades considéranse comprendidas no sector da hostalaría, aos efectos de solicitar as axudas do Programa II?

As actividades de restauración e aloxamento (hoteis, hostais, casas rurais e outros, grupos CNAE 55 e 56).

3. Podo facer a solicitude como persoa autónoma societaria ou colaboradora?

Non, neste programa a solicitude fainas a sociedade ou a persoa autónoma individual titular do negocio.

II. REQUISITOS XERAIS

4. Que outros requisitos deben reunir os as persoas autónomas, microempresas e pemes da hostalaría para poder beneficiarse das axudas?

- Ter domicilio fiscal en Galicia.

- Estar afectada **polas restricións da actividade hostaleira ou polo peche perimetral do concello no que está situado o establecemento**, decretados polas Ordes da Xunta de Galicia de 7 de outubro, 4, 8 e 13 de novembro, **e por calquera outra disposición que poida ditar a autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia**.
- Ter pechada a actividade durante **un mínimo de dúas semanas**.

5. Se teño un negocio de restauración e non pechei completamente porque sirvo comidas ou bebidas para levar, podo solicitar as axudas do Programa II?

Si, porque nos negocios de restauración a esixencia de peche da actividade durante un mínimo de dúas semanas enténdese cumprida cando non estea permitido o consumo dos clientes dentro do establecemento ou nas súas terrazas.

6. Aínda se reunise todos os requisitos de acceso as axudas, hai algunha circunstancia que puidese impedir o acceso as mesmas?

Si. Non poderán ser beneficiarias destas axudas:

- As persoas ou entidades que non estean ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou teñan pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- As persoas ou entidades que fosen condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- As empresas que solicitasen a declaración de concurso ou fosen declaradas insolventes.

III. SOLICITUDE

7. Cal é o prazo para solicitar as axudas do Programa II?

Ata o 28 de decembro de 2020.

8. Onde e como debo presentar a miña solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia.

<https://sede.xunta.gal>.

9. Podo presentar a miña solicitude presencialmente nas oficinas da Xunta de Galicia?

Non. É preciso presentar a solicitude por medios electrónicos. A presentación da solicitude unicamente de xeito presencial non é efectiva.

10. Se no meu concello hai un peche pero aínda non rematou, cantas semanas marco na solicitude? ata que se supoña que vai pechar?

As solicitudes fanse por períodos semanais completos desde a data de peche ata a data da solicitude, podendo vostede decidir en que momento fai a solicitude tendo en conta que se resolven por data de presentación ata esgotamento do orzamento.

Novidade (criterio interpretativo orde 3 de decembro de 2020):

Entenderase como semana completa a fracción desta cando a prohibición de apertura do establecemento ou peche perimetral do concello **se deixase sen efecto mediante o establecido na orde da Consellería de Sanidade, do 3 de decembro de 2020.**

11. Debo presentar documentación acreditativa das circunstancias da miña empresa xunto coa solicitude da axuda?

A solicitude inclúe unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos de acceso ás subvencións; ademais, requírese a autorización das persoas solicitantes para comprobar os seus datos, se estes figuran nalgunha Administración Pública.

Si se opón a que a Administración consulte os datos, deberá facelo chegar coa solicitude.

12. Se, con posterioridade á presentación da miña solicitude, tivese que facer algún outro trámite respecto da mesma, como debería facelo?

Todos os trámites relativos á solicitude deberán ser realizados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Hai que ter en conta que cando se presenten documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

13. Como me comunicará a Administración Autonómica calquera circunstancia relativa á miña solicitude?

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos. Concretamente, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notifica.gal).

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude.

É importante atender a notificación.

IV. CONCESIÓN DAS AXUDAS

14. Se a miña empresa reúne todos os requisitos do Programa II HOSTALERIA, serei persoa beneficiaria dunha subvención?

A subvención resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas ou de emenda das solicitudes con erros ou omisións. Para a concesión das subvencións basta o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

As axudas concederanse ata os esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

15. De que prazo dispón a Administración Autonómica para resolver a miña solicitude?

O prazo máximo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro electrónico.

16. Se a Administración non resolve no prazo dun mes, debo entender que a solicitude foi estimada ou desestimada?

Debo entender que a solicitude foi desestimada. Nestes casos o silencio administrativo é negativo.

17. Se a Administración me notifica a concesión da axuda, debo facer algún trámite para a súa aceptación?

Non, non é necesario, pois a presentación da solicitude supón a aceptación da subvención, no caso de ser concedida.

V. IMPORTE E PAGAMENTO DAS AXUDAS

18. Que elementos se teñen en conta para calcular o importe das axudas?

A cada establecemento hostaleiro paralizado corresponde a percepción dunha axuda e o importe da mesma depende do tempo de paralización da actividade e do cadro de persoal do establecemento.

19. Cal é o importe da axuda para un pequeno establecemento hostaleiro con menos de 10 persoas traballadoras?

1.500 € por cada mes de paralización da actividade.

Nos períodos de paralización inferiores ao mes calcúlase a parte proporcional, tendo en conta que o período mínimo de paralización é de dúas semanas (750 €) .

20. Cal é o importe da axuda para un establecemento hostaleiro onde traballan 10 persoas ou máis?

2.000 € por mes paralizado.

Nos períodos de paralización inferiores ao mes calcúlase a parte proporcional, tendo en conta que o período mínimo de paralización é de dúas semanas (1.000 €).

21. Se a miña empresa conta con varios establecementos afectados polos peches da hostalaría ou polos peches perimetrais dos concellos, podo beneficiarme de varias axudas do Programa II?

Si, por cada establecemento paralizado corresponde unha axuda.

Polo tanto, terei dereito a tantas axudas como establecementos afectados polos peches, sempre que se cumpran o resto dos requisitos.

E ten que facelo na mesma solicitude.

22. Como se computa o tempo de paralización da actividade?

Desde o día de entrada en vigor da Orde da Xunta de Galicia **que decreta o peche que afecta ao establecemento** (sexa o peche da actividade ou o peche perimetral do concello), **ata o día no que levántase a devandita medida.**

Se a medida aínda está en vigor na data de presentación da solicitude, esta tómase en conta como data final.

23. Cando se fará o pagamento das axudas?

As subvencións se aboarán na súa totalidade nun só pago correspondente ao ano 2020, a continuación da resolución de concesión da axuda.

VI. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA II HOSTALERIA

24. Se son persoa beneficiaria dunha axuda do Programa II, terei a obriga de manter a actividade ou o emprego durante un certo período de tempo?

Non, as persoas beneficiarias das axudas deste Programa non teñen ningún compromiso deste tipo.

25. No caso de obter unha subvención do Programa II, terei algunha outra obriga derivada desa condición?

Si. Terei as obrigas xerais das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións públicas, que son as seguintes:

- Estar ao día nas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.
- Comunicar inmediatamente ao órgano concedente da subvención calquera modificación que afecte as condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, que permitan a comprobación e control.
- Adoptar medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección relacionadas coa concesión da subvención e achegar tanta información lles sexa requirida.

VII. COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIONS

26. As axudas do Programa HOSTALERIA son compatibles coas axudas do Programa I - Microempresas, publicadas na mesma Orde do 26 de novembro de 2020?

Si, e tamén con calquera outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.

27. Son compatibles as axudas do Programa II con outras axudas suxeitas ao réxime de *mínimis*?

Si, sempre que non se supere o límite do réxime de *mínimis*.

Polo tanto, haberá que ter en conta que as empresas perceptoras doutras axudas baixo este réxime non poden percibir unha suma total de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais.



Teléfono gratuito de atención
sobre o plan de rescate

 **900 815 600**



**XUNTA
DE GALICIA**

